



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
INA	Industrias alimentarias	CD2INA000100	Panadería, repostería e confeitaría	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0030	Operacións e control de almacén na industria alimentaria	2024/2025	3	80	80

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	XAQUÍN ANTÓN VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente programación corresponde ó módulo Operacións e control de almacén na industria alimentaria, pertencente ó Ciclo Formativo de Grao Medio de Técnico en Panadería, Repostería e Confeitaría da Familia Profesional de Industrias Alimentarias. Ten como indica o Decreto 224/2008, do 25 de setembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo, así como as disposicións legais vixentes en materia educativa.

O currículo do ciclo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

O alumnado exercerá a súa actividade en obradoiros artesanais ou semi-industriais que elaboren produtos de panadería, pastelería e confeitaría, así como no sector de hostalaría, no sector de restauración. Como elaboradoras por conta propia ou por conta allea. Tamén exercerán a súa actividade no sector do comercio da alimentación en establecementos que elaboran e venden produtos de panadería, pastelería e repostería.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Recepción e distribución interna de mercadorías no almacén	Aprovisiona o almacén e a liña de produción, tras identificar as necesidades e as existencias.	26.5	33
2	Xestión do almacén	Describe e identifica os os criterios e sistemas de almacenaxe	27	34
3	Describe e identifica os os criterios e sistemas de almacenaxe	Expide os produtos e xustifica as condicións de transporte e conservación	26.5	33

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Recepción e distribución interna de mercadorías no almacén	26.5



4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aprovisiona o almacén e a liña de produción, tras identificar as necesidades e as existencias.	NO
RA2 - Recibe as materias primas e auxiliares, e describe a documentación asociada e os requisitos de transporte.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Efectuáronse os pedidos en cantidade, calidade e prazos adecuados.
CA1.4 Caracterizáronse os medios de transporte interno.
CA1.7 Valorouse a relevancia do control de almacén no proceso produtivo.
CA1.8 Valoráronse novas tendencias loxísticas na distribución e no almacenamento de produtos.
CA2.1 Identificouse a documentación que debe ir coas mercadorías.
CA2.2 Determináronse os métodos de apreciación, medida e cálculo de cantidades.
CA2.3 Descríbíronse os sistemas de protección das mercadorías.
CA2.6 Determinouse a composición do lote na recepción das mercadorías.
CA2.7 Comprobouse que a mercadoría recibida se corresponda coa solicitada.

4.1.e) Contidos

Contidos
Documentación técnica relacionada co aprovisionamento. Sistema de decisión de pedido. Clasificación ABC.
Tipos de existencias.



Contidos
Transporte interno. Operacións e comprobacións xerais. Organización da recepción. Medición e pesaxe de cantidades. Documentación de entrada.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Xestión do almacén	27

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aprovisiona o almacén e a liña de produción, tras identificar as necesidades e as existencias.	NO
RA3 - Almacena as mercadorías con técnicas e procedementos seleccionados en función das súas características.	SI
RA5 - Manexa as aplicacións informáticas e valora a súa utilidade no control do almacén.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse os tipos de existencias e as súas variables.
CA1.2 Identificáronse os tipos de inventario.
CA1.5 Determináronse as necesidades de subministración de xéneros, e indicáronse as cantidades.
CA1.6 Identificáronse as condicións de seguridade asociadas ao aprovisionamento.



Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbóronse e aplicáronse os criterios de clasificación de mercadorías.
CA3.2 Interpretáronse os sistemas de codificación.
CA3.3 Identifícaronse os sistemas de almacenamento.
CA3.4 Descríbóronse as características dos equipamentos de carga, descarga, transporte e manipulación interna.
CA3.5 Xustificouse a localización das mercadorías no almacén.
CA3.6 Identifícaronse as condicións de operatividade do almacén (orde, limpeza, temperatura, humidade, etc.).
CA3.7 Determináronse as normas de seguridade do almacén.
CA5.1 Caracterizáronse as aplicacións informáticas.
CA5.2 Identifícaronse os parámetros iniciais da aplicación segundo os datos propostos.
CA5.3 Modifícaronse os arquivos de produtos, provedores e clientela.
CA5.4 Rexistráronse as entradas e as saídas de existencias e actualizáronse os arquivos correspondentes.
CA5.5 Elaboráronse, imprimíronse e arquiváronse os documentos de control de almacén.
CA5.6 Elaborouse, imprimiuse e arquivouse o inventario de existencias.

4.2.e) Contidos

Contidos
Control de existencias. Inventario e os seus tipos.
Sistemas de almacenaxe e tipos de almacén.
Clasificación e codificación de mercadorías: a identificación EAN.
Localización de mercadorías e sinalización.



Contidos
Condições xerais de conservación. Documentación de xestión do almacén. Operacións básicas no manexo do computador. Aplicacións informáticas: follas de cálculo, procesadores de texto, xestión de bases de datos cliente-servidor e aplicacións específicas. Transmisión da información: redes de comunicación, radiofrecuencia TAG e correo electrónico. Actividade do almacén en tempo real. FIFO automático.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Describe e identifica os criterios e sistemas de almacenaxe	26.5

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recibe as materias primas e auxiliares, e describe a documentación asociada e os requisitos de transporte.	NO
RA4 - Expide os produtos e xustifica as condicións de transporte e conservación.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.4 Identifícanse as alteracións que poden sufrir as mercadorías no transporte.
CA2.5 Caracterizáronse os medios de transporte externo.
CA4.1 Formalizouse a documentación relacionada coa expedición.



Criterios de avaliación
CA4.2 Rexistrouse a saída de existencias e actualizouse o rexistro.
CA4.3 Seleccionáronse as condicións axeitadas para os produtos que se vaian expedir.
CA4.4 Determinouse a composición dos lotes e a súa protección.
CA4.5 Mantívose a orde e a limpeza na zona de expedición.
CA4.6 Identificáronse as características dos medios de transporte para garantir a calidade e a seguridade alimentaria.

4.3.e) Contidos

Contidos
Operacións e comprobacións xerais.
Organización da expedición.
Documentación de saída.
Transporte externo.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para cada unha das unidades didácticas xa quedaron detallados no apartado 4c) desta programación e corresponden os CA:

CA1.1, CA1.2, CA1.3, CA1.4, CA1.5, CA1.6, CA1.7, CA1.8, CA2.1, CA2.2, CA2.3, CA2.4, CA2.5, CA2.6, CA2.7, CA3.1, CA3.2, CA3.3, CA3.4, CA3.5, CA3.6, CA3.7, CA4.1, CA4.2, CA4.3, CA4.4, CA4.5, CA4.6, CA5.1, CA5.2, CA5.3, CA5.4, CA5.5, CA5.6.

Os criterios de cualificación que se aplicarán terán en conta os seguintes elementos avaliábeis:

- EXAMES E PROBAS ESCRITAS: 70% da cualificación

Baremación dos contidos e observacións: Estas probas escritas incluírán preguntas de desenvolvemento, tipo test (respostas alternativas ou verdadeiro/falso) ou casos prácticos relativos ao temario impartido en



cada avaliación. Todas as unidades didácticas terán unha nota entre 1 e 10 puntos e realizarase un exame por cada unha de elas. A nota destas probas escritas para cada avaliación será a media aritmética dos exames realizados e tendo en conta que é preciso acadar un 5 para facer a media. No caso de non acadar tal puntuación, non se fará a media e no boletín figurará a nota acadada nesta proba escrita. O alumnado deberá demostrar o dominio das normas de ortografía e gramática. É obrigatorio presentarse a tódalas probas escritas e nas datas marcadas a tal efecto.

Aquela alumna ou alumno que empregue obxectos, materiais ou actitudes non autorizadas polo profesorado durante a realización de algunha proba de avaliación terá que abandonar o exame e obterá unha calificación de 1.

- TRABALLOS E EXERCICIOS: 30% da cualificación

Baremación dos contidos e observacións: Estes traballos, exercicios e prácticas estarán relacionados coa materia impartida durante a avaliación. A entrega dos mesmos é obrigatoria na data marcada a tal efecto. A nota cualifica, non só o resultado final, senón tamén o prantexamento e o procedemento de elaboración dos traballos, exercicios e prácticas.

Neste senso, considerarase avaliable:

-A proactividade, a participación activa e a actitude motivadora que implique a participación nas tarefas realizadas, como axente activo do proceso de aprendizaxe.

-A capacidade autocrítica do alumnado nas situacións que así o requiran, sendo este o primeiro paso na asunción das responsabilidades.-O traballo en equipo responsabilizándose da consecución dos obxectivos asignados (individualmente ou en grupo), respectando o traballo e as ideas dos demais; participando activamente na organización e desenvolvemento das tarefas colectivas, cooperando na superación das dificultades que se presenten.

A nota de todas as probas realizadas na avaliación calcularase coa media aritmética de todas as que se realizaron na avaliación. No caso de que non se realicen eses exercicios ou prácticas, este apartado acumularase coa puntuación da proba escrita.

Cálculo da nota final da avaliación:

- A nota final da avaliación será a suma dos apartados anteriores, tendo en conta á hora do redondeo as anotacións feitas no caderno do profesor.

- Para considerar que unha avaliación é positiva, a nota mínima da mesma deberá ser un 5.

- Para o cálculo da derradeira avaliación (en caso de ter todo aprobado) multiplicarase a nota acadada en cada unidade polo coeficiente establecido para cada unha de elas no punto 3 desta programación.

- Aqueles alumnos que non superen os mínimos esixidos nalgunha das avaliacións, terán que recuperar a parte correspondente durante o período de recuperación establecido.

- Para acadar unha avaliación positiva no módulo, o alumno terá que superar tódalas avaliacións. A nota final do módulo será o resultado da media das tres avaliacións, debendo ser esta como mínimo un 5 para poder considerarse avaliación positiva. No caso de que tivera que recuperar unha parte, a puntuación acadada nesta proba de recuperación fará media co resto das partes xa aprobadas a efectos do cálculo da nota final do módulo.

- En tódolos procesos e criterios de avaliación os alumnos deberán demostra-lo dominio das normas de ortografía e gramática, considerándose como unha ferramenta básica na formación do alumnado.

- O alumno que supere o 10% de faltas non xustificadas no módulo perderá o dereito a avaliación continua, tendo que realiza-la proba extraordinaria sinalada no Apartado 6b) desta programación.

- Aqueles alumnos que non superen o módulo realizarán as actividades de recuperación que se indican no Apartado 6a) desta programación.



6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

a) Reforzos para lograr a recuperación.

- Aquel alumnado que non supere as citadas actividades de recuperación, deberá realizar novas actividades en horario que determinará a Xefatura de estudos xunto co profesor do módulo. Estarán baseadas nos criterios de realización dentro dos contidos mínimos.
- Durante este período o alumnado deberá asistir ás actividades de reforzo para lograla recuperación, e terá que realizar todas aquelas actividades que o profesor crea oportunas para a súa formación.
- Se ó remate deste período de recuperación o alumnado non acadase os obxectivos establecidos, deberá repetir o módulo completo, debendo matricularse no ciclo outra vez.

b) Actividades de recuperación que poidan ser realizables de forma autónoma polo alumnado, que promocionou ao 2º curso e ten que recuperar o módulo de 1º curso de OCA:

- Durante o período ordinario, para a recuperación de cada avaliación non superada, programaranse actividades e traballos dirixidos que permitan ao alumnado adquirir as capacidades non acadadas e cumprir cos mínimos esixidos.
- No seu caso o alumno deberá presentar os traballos correspondentes non presentados no momento.
- Estas actividades e traballos organizaranse de forma personalizada, a súa descrición, obxectivos e instrucións para o seu desenvolvemento facilitaránselle ao alumno/a xunto co informe individualizado de avaliación correspondente.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado con perda do dereito á avaliación continua (PD) deberá realizar unha proba de avaliación unha vez rematado o módulo. Neste caso deberá realizar unha proba que terá como referente a totalidade dos criterios de avaliación do módulo e que consistirá en:

PROBA TEÓRICA (70%)- Estas probas escritas incluírán preguntas de desenvolvemento, tipo test (respostas alternativas ou verdadeiro/falso) ou incluírá preguntas curtas sobre as unidades didácticas que forman a programación do módulo. Esta proba teórica puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo acadar un mínimo de 5 puntos para superalo e así facer media co exame práctico. O peso desta puntuación na nota final será do 70%. O alumno/a deberá demostra-lo dominio das normas de ortografía e gramática.



PROBA PRÁCTICA (30%)- na que o alumnado demostre ter acadado as capacidades terminais mínimas esixidas de acordo cos contidos mínimos. Esta proba poderá consistir na realización autónoma do alumnado de algunha das actividades prácticas feitas ó longo do curso . Este exame puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo acadar un mínimo de 5 puntos para superalo e así facer media co exame teórico. O peso desta puntuación na nota final será do 30 %.

Exemplo:

- Realización dun pedido,
- Realización de valoracións de inventario polos diferentes métodos: LIFO, FIFO e PMP
- Elaboración dunha factura.
- Elaboración dun albarán

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Farase un seguimento mensual da programación, segundo o establecido polo sistema de calidade do centro, utilizando a opción que para elo está habilitada nesta plataforma.

Ao final de curso, valórase a consecución desta programación, facéndose referencia á mesma na memoria de final de curso e téndose en conta para a elaboración da programación do seguinte ano, en canto a:

- Obxectivos conseguidos
- Contidos acadados
- Cambios en lexislación que poden afectar o módulo
- % de alumnos que superan o módulo

Ao rematar o curso proporase unha enquisa (anónima) ao alumnado para que valoren o módulo. O resultado de tal cuestionario aparecerá na memoria de final de curso, e será tido en conta na elaboración da programación do seguinte ano.



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial farase ó comenzo do curso.

A avaliación inicial desenvolverase na primeira quincena do curso co obxecto de coñecer as características, a formación previa do alumnado e as súas capacidades. A información obtida permitiranos adaptar a metodoloxía na aula, valorar o progreso que vaia acadando o alumnado así como decidir intervencións de atención á diversidade máis adecuadas.

Ademáis, ó principio de cada U.D incluíranse actividades de avaliación de coñecementos previos.

As técnicas e instrumentos de avaliación que empregaremos para coñecer como é e o que sabe o alumnado serán variadas entre elas podemos citar: documentación existente no centro, informes do profesorado, resultados de avaliacións anteriores, cuestionarios, entrevistas persoais, respostas orais ou escritas, tormentas de ideas, tarefas concretas...

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Realización de mapas conceptuais, elaboración de pequenos cuestionarios, exercicios prácticos e pequenos traballos de búsqueda de información de forma individualizada.

Repetición de prácticas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto ás compañeiras e compañeiros, profesorado, aulas e obradoiros, e material de traballo, traballaranse a través de diferentes actividades.

Neste módulo a educación en valores traballarase en diferentes unidades:

-O estudo da materia do presente módulo non pode ser entendida sen ter en conta a transmisión de valores democráticos, de igualdade de xénero, de respecto aos demais e as outras culturas, solidariedade, idiomas, orixes, a tolerancia, a non discriminación e a resolución pacífica de conflitos nas actividades que se realicen en grupo, etc. Deste xeito, a materia contribuirá á fomentar a convivencia no centro, partindo



de:

- Fomentar o respecto a outras culturas, desenvolvendo a curiosidade polo coñecemento doutros pobos.
- Apreciar a diversidade étnica e cultural das persoas e dos estados, valorando a convivencia pacífica entre os pobos.
- Apreciar a diversidade étnica e cultural dos estados plurinacionais.
- Fomentar o respecto ás ideas e desenvolver hábitos de tolerancia, respecto e diálogo para resolver os conflitos.
- Desenvolver hábitos e prácticas democráticas e valorar negativamente o recurso á violencia.
- Rexeitar a discriminación racial e fomentar a igualdade dos seres humanos.
- Contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensino - aprendizaxe.
- Detectar o antes posible conflitos que poidan xurdir nas aulas para resolvelos dun xeito pacífico.
- Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e a mediación.
- Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade educativa.
- Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.
- Posta en valor do patrimonio cultural de Galiza.
- Fomento da cultura da humildade.

Tamén se fomentarán outro tipo de aspectos culturais, entre os cales podemos citar:

*Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores, para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuír á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.

*Situar o Galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galiza e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.

*Facilitar a plena integración lingüística dos alumnos e alumnas procedentes de fóra de Galiza.

*Incrementar as competencias do alumnado en linguas estranxeiras, especialmente o Inglés, coa fin de que o alumnado poda desenvolverse no estranxeiro, por exemplo, para facer prácticas en empresas.

Asemade, daremos conta ó alumnado dos obxectivos anuais e puntos que se desenvolven no Plan de Convivencia anual do CIFP Manuel Antonio, ente outros:

- Actuacións a Desenvolver para Favorecer a Convivencia.
- Protocolo para a Prevención do Acoso Escolar.
- Normas de Convivencia.
- Normas de funcionamento do centro.



9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das disponibilidades orzamentarias e da programación.

Actividade Complementarias de Formación (ACF)

Visita a establecementos de diferente categoría e tipoloxía: Almacén, empresas de logística, Panaderías, Fábricas de fariña, etc.

Visita a feiras gastronómicas, visita a distintas feiras de exposición de equipamentos e outros temas relacionados coa panadaría, pastelería.

10. Outros apartados

10.1) Unidades didácticas de cada avaliación

En canto a avaliación poderase levar a cabo mediante traballos individuais ou grupais, exámes ou probas escritas.

10.2) Bibliografía

UF0290: Almacenaje y operaciones auxiliares en panadería y bollería. IC editorial

Operacion y control de almacenaxe. Editorial Paraninfo

Apuntes propios elaborados de diversas fuentes: Libros, Vídeos,...